



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Cultura

Bases Concurso Grelos 2024. Feira do Grelo de As Pontes de García Rodríguez

ANUNCIO

Por resolución da concelleira delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica número 138/2024 do 19 de xaneiro de 2024, aprobáronse as bases do concurso de grelos 2024, que se transcriben deseguido:

“BASES:

O concurso de grelos da XLIII edición da Feira do grelo do Concello das Pontes celebrarase o domingo 11 de febreiro de 2024.

Inscrición: de 8 a 10:00 horas o domingo 11 de febreiro na carpa situada na Praza de América.

1ª Os grelos presentaranse en cestas que deberán conter como mínimo 10 madas. Esta condición é obrigatoria para poder concursar.

2ª Só se admitirá unha persoa concursante por unidade familiar.

3ª Os/as concursantes deberán ter un mínimo de 16 anos.

4ª A partir das 10.00 horas, o xurado comezará a facer o recuento das cestas concursantes, momento no que non se admitirán máis cestas a concurso.

Para a admisión de inscricións terase en conta a cantidade de grelos presentada por participante (mínimo 10 madas). No caso de que o número de participantes sexa superior ás prazas dispoñibles a selección farase por orde de inscrición.

As cestas que non sexan admitidas poderán poñerse á venda pero non participarán no concurso.

5ª O concurso rematará ás 11:30 horas coa coa entrega de premios na carpa situada na Praza de América. A venda de grelos poderá comezar as 08:00 horas agás aquelas madas que participen no concurso.

6ª O xurado estará composto por persoas con expertas na materia.

7ª As decisións do xurado serán inapelables, podendo declarar desertos os premios en calquera das categorías.

8ª Os/as donos/as das cestas admitidas a concurso recibirán un agasallo pola súa participación.

9ª Establécense os seguintes premios (podendo declararse deserto algún deles):

Premios á calidade do grelo:

- 1º premio: 400 euros

- 2º premio: 300 euros

- 3º premio: 200 euros

- 5 accésits de 75 euros cada un

- Premio Especial “Alexandre Pérez Sindín” á cesta mellor adornada: 300 euros e unha peza de artesanía doada pola Asociación Amigos da Madeira.

10ª Os premios estarán suxeitos á retención de IRPF de acordo coa lexislación vixente.

As persoas gañadoras daranse a coñecer o mesmo día da feira, unha vez rematado o concurso. Os/as participantes que resulten gañadores/as recollerán nese momento un vale do premio.

As persoas premiadas deberán presentar a designación bancaria a seu nome asinada pola entidade financeira no rexistro xeral do Concello (ou no rexistro telemático, na sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com> entre o 12 de febreiro e o 4 de marzo). O premio farase efectivo por transferencia bancaria.

2º- Ordenar a inserción das citadas bases no Boletín Oficial da Provincia.

As Pontes de García Rodríguez

22 de xaneiro de 2024

A concelleira delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica.

Elena López Seco